PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 551 | VIII lexislatura | 3 de outubro de 2011

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2012-2016

— 3 emendas formuladas polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 71334) 160061

— 43 emendas formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 71370) 160062

— 22 emendas formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 71406) 160075

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2012-2016

A Mesa da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 30 de setembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2012-2016 (doc. núm. 66492).

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:
Emendas ao articulado

— 3 emendas formuladas polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 71334).

— 43 emendas formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 71370).

—22 emendas formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 71406).

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2011
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 13:58
Nº Rexistro: 71334
Data envio: 29/09/2011 13:58:08

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012_2016 (NUM. EXPE. 08/PL-0031).

Emenda nº1, de Substitución. Disposición derrogatoria

Débese substituir o texto da Disposición derrogatoria, polo que segue a continuación:

"Queda derrogadas as disposcións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei e, expresamente, a Lei 16/2006, do 27 de decembro, do PGE 2007-2011, sen prexuízo do que se refire á execución e seguimento do Programa Anual 2011, e á avaliación do PGE 2007-2011."

Emenda nº2, de Substitución. Disposición derradeira sexta

Débese susbstituir o texto da Disposición derradeira sexta, polo que segue a continuación:

"Esta lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/09/2011 13:58:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012_2016 (NUM. EXPE. 08/PL-0031).

Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

Modificación do artigo 1.1, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. O obxecto desta lei e regular e aprobar o Plan galego de estatística 2012-2016, instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a modificación de determinados preceptos da Lei 9/1988, de 19 de xullo, de estatística de Galicia."

Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 1

Modificación do artigo 1.2, que quedará redactado co seguinte contido:

"O Plan galego de estatística 2012-2016 constitúe o marco de colaboración institucional entre a administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, as administracións locais galegas e as universidades, que forman parte da organización estatística de Galicia, segundo o artigo 37 da Lei de estatística de Galicia, e destas con outras entidades públicas locais, autonómicas ou estatais, así como europeas ou internacionais."

Emenda nº3, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 2

Modificación do artigo 2.4., que quedará redactado co seguinte contido:

"Outra actividade estatística: actividade que non se pode considerar operación por non concluír nunha difusión de resultados estatísticos ou por non participar ningunha das administracións xerais ou sector público autonómico de Galicia,

nin as administracións locais galegas, nin as universidades na súa elaboración nalgunha fase a maiores da de difusión."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 4

Adición dun novo parágrafo ao artigo 4., que quedará redactado co seguinte contido:

Engadir in fine: "O Instituto Galego de Estatística realizará un informe se seguimento da cada programa anual para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística. Deste informe anual daráselle conta ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº5, ao apartado 2.a), de Modificación. Artigo 5

Modificación do artigo 5.2.a) que quedará redactado co seguinte contido:

"a) Obxectivos informáticos, que dirixiranse a dar resposta a campos de coñecemento para o desenvolvemento e o benestar, delimitando os temas e as liñas de actuación salientables que deben abordar as estatísticas para responder ás demandas de información. Estes obxectivos determinan o contido das operacións e demais actividades."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

Modificación do artigo 6.1., que quedará redactado co seguinte contido:

"1.O Plan presenta a estrutura temática relacionada no Anexo I establecendo as áreas de análise e as seccións correspondentes. Os obxectivos xerais e as metas de información de cada unha das seccións anteriores relaciónase no Anexo II, que constitúen obxectivos específicos de información. Para a súa avaliación consideraranse as actividades estatísticas incluídas nos programas anuais, sempre que a súa execución conduza á difusión de resultados."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº7, ao apartado a), de Modificación. Artigo 7

Modificacion do artigo 7.a), que quedará redactado co seguinte contido:

"a) Consolidar a organización estatística de Galicia, para garantir o dereito de acceso dos cidadáns á información subministrada por esta, o rigor e a corrección técnica das operacións realizadas, a difusión dos resultados, o segredo estatístico e mais a seguridade no almacenamento e na transmisión desta información."

Emenda nº8, ao apartado b), de Modificación. Artigo 7

Modificación do artigo 7.b), que quedará redactado co seguinte contido:

"b) Formar, mellorar e actualizar a formación en materia estatística nas entidades que forman parte da organización estatística de Galicia."

Emenda nº9, ao apartado e), de Modificación. Artigo 7

Modificación do artigo 7.e).

Onde di:"...cos axentes locais e cos diferentes...", debe dicir:"...cos axentes sociais, cas universidades e cos diferentes..."

Emenda nº10, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 8

Modificación do artigo 8.b), que quedará redactado co seguinte contido:

"b) Divulgar axeitadamente, respectando os prazos ou as datas de publicación, a información estatística de carácter oficial que teña como referencia Galicia."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº11, ao apartado 1.d), de Modificación. Artigo 8

Modificación do artigo 8.1.d), que quedará redactado co seguinte contido:

Engadir in fine:".....Autónoma que contribúan a mellorar o coñecemento da súa realidade demográfica, social, económica e ambiental."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 9

Modificación do artigo 9.2., que quedará redactado co seguinte contido:

"2. No programa determinarase para cada operación, o seguinte:...."

Emenda nº13, ao apartado 2.h), de Modificación. Artigo 9

Modificación do artigo 9.2.h), que quedará redactado co seguinte contido:

"h) A forma e o prazo de difusión."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 9

Supresión do artigo 9.3.

Emenda nº15, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 10

Adición dun novo artigo 10.3 bis), que quedará redactado co seguinte contido:
"3.bis. O Instituto Galego de Estatística poderá solicitarlles información á administración xeral de Galicia e as entidades que forman parte do sector público da comunidade autónoma de Galicia, así como as entidades locais ou as universidades calquera outra información de interese estatístico, coa

finalidade de contribuír a un maior coñecemento desta información e proceder o seu inventario."

Emenda nº16, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 11

Adición dun novo artigo 11.3.bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"3.bis). Do contido do programa anual daráselle conta ao Parlamento de Galicia mediante unha comparecencia específica, que se realizará no último trimestre do ano anterior ao de referencia do corresponde programa anual."

Emenda nº17, de Modificación. Artigo 12

Modificación do artigo 12., ´

Onde di: ".... informe de seguimento....", debe dicir informe anugal de seguimento..."

Emenda nº18, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 14

Modificación do artigo 14.1.

Engadir in fine: "... que terá carácter público."

Emenda nº19, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Supresión da Disposición derradeira terceira.

Emenda nº20, ao apartado Área .4 bis), de Adición. Anexo 1: Estrutura temática

Adición dunha nova área 4. bis., que quedará redactado co seguinte contido:

"Area 4bis. Plans e programas da Xunta de Galicia
Sección 4bis.1. Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020
Sección 4bis.2. Situación, desenvolvemento e resultados dos Plans e Programas da Xunta de Galicia"

Emenda nº22, ao apartado Sección 1..1, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do Anexo II. sección 1.1.,que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 1.1. Territorio e recursos naturais
Obxectivo xeral: dispoñer de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos a situación do territorio, as infraestruturas e os recursos naturais."

Emenda nº23, ao apartado Sección 1..2, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do Anexo II.Sección 1.2., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 1.2. Medio Ambiente
Obxectivo xeral: dispoñer de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos o medio ambiente e na evolución da calidade ambiental."

Emenda nº24, ao apartado Sección 2..1, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. sección 2.1,que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 2.1. Poboación e fogares
Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da realidade demográfica e na súa situación territorial realizando previsións sobre a súa evolución futura.2

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº25, ao apartado Sección 2..2, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 2.2.,que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 2.2. Sanidade
Obxectivo xeral: afondar no coñecemento dos recursos sanitarios de Galicia, da calidade asistencial e dos aspectos que condicionan a saúde da poboación."

Emenda nº26, ao apartado Sección 2..3, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 2.3., que quedará redactada co seguinte contido:

"
Sección 2.3. Educación e capital humano
Obxectivo xeral: dispoñer da información básica sobre educación e formación, con especial incidencia na orientada á análise do fracaso escolar e das diferenzas en servizos, recursos, calidade e realidade social do entorno familiar, da escola pública, a concertada e a privada."

Emenda nº27, ao apartado Sección 2..4, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 2.4., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 2.4. Traballo
Obxectivo xeral: progresar no coñecemento do mercado laboral, da calidade do emprego, dos salarios, da súa evolución e da incidencia dos programas ou axudas públicas."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº28, ao apartado Sección 2..5, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 2.5., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 2.1. Condicións sociais
Obxectivo xeral: avanzar no estudo da calidade de vida, da igualdade, da violencia de xénero, da cohesión social, da pobreza, da aplicación da lei de dependencia e do funcionamento da xustiza."

Emenda nº29, ao apartado Sección 2..6, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 2.6., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 2.6. Cultura e lecer
Obxectivo xeral: coñecer os recursos dispoñibles para as prácticas culturais e deportivas, a utilización que delas fan os cidadáns, así como o oferta audiovisual e práctica lingüística."

Emenda nº30, ao apartado Sección 2..7, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 2.7., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 2.7. Vivenda
Obxectivo xeral: dispoñer da información sobre o parque de vivenda novas, usadas, de segunda residencia, valeiras,... as condicións de acceso, a evolución dos prezos."

Emenda nº31, ao apartado Sección 3..1, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

Modificación do anexo II. Sección 3.1., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.1. Sector agrario
Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da estrutura e da actividade dos subsectores agrícola, gandeiro e forestal."

Emenda nº32, ao apartado Sección 3..2, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 3.2., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.2. Pesca e acuicultura
Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da estrutura e das actividades do sector."

Emenda nº33, ao apartado Sección 3..3, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 3.3., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.3. Enerxía e Industria
Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da estrutura e da actividade industrial."

Emenda nº34, ao apartado Sección 3..4, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 3.4., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.4. Construción
Obxectivo xeral: dispoñer de información básica sobre a situación do sector diferenciando a obra residencial da non residencial e prestando especial atención a actividade de restauración."

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº35, ao apartado Sección 3..5, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 3.5., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.5. Servizos de mercado
Obxectivo xeral: afondar no coñecemento desta actividade
3.5.5. Servizos financeiros
3.5.6. Servizos a empresas e outros de mercado."

Emenda nº36, ao apartado Sección 3..6, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 3.6., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.6. Administración pública e outros servizos de non mercado
Obxectivo xeral: coñecer o funcionamento e os servizos prestados polo administración prestando especial atención os recursos que xestionan sexan orzamentarios ou estraorzamentarios."

Emenda nº37, ao apartado Sección 3..7, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 3.7., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.7. Mercados e prezos
Obxectivo xeral: avanzar no coñecemento dos mercados interiores, das relacións comerciais con outros mercados e da posición competitiva de Galicia no mercado global."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº38, ao apartado Sección 3..8, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. sección 3.8., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.8. Actividade empresarial
Obxectivo xeral: aportar información sobre a dinámica e a estratexia das empresas galegas, afondando na súa situación financeira e competitiva."

Emenda nº39, ao apartado Sección 3..9, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 3.9., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 3.9. Sistema de contas
Obxectivo xeral: consolidar o coñecemento da economía galega, a súa evolución, a converxencia ou diverxencia cas economías do noso contorno."

Emenda nº40, ao apartado Sección 4..1, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 4.1., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 4.1. Sociedade da información
Obxectivo xeral: profundizar no coñecemento do acceso e inserción dos cidadáns, axentes sociais, empregas e administracións na sociedade da información."

Emenda nº41, ao apartado Sección 4..2, de Modificación. Anexo 2: Metas de información estatística

Modificación do anexo II. Sección 4.2., que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía
Obxectivo xeral: consolidar e ampliar a información relativa a ciencia e tecnoloxía, en particular sobre investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación."

Emenda nº21, ao apartado Sección 4. bis).1, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

Adición ao anexo II.4.bis) 1., que quedará redactado co seguinte contido:

"Sección 4 bis.1Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020
Obxectivo xeral: Coñecer a evolución dos indicadores sintéticos do plan e o cumprimento dos obxectivos previstos e dos programas propostos.
4.1.1. Indicadores sintéticos de seguimento do plan."

Emenda nº42, ao apartado Sección 4. bis).2, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

Adición ao anexo II, sección 4.bis) 2, que quedará redactado co seguinte contido:

"Sección 4bis.2 Situación, desenvolvemento e resultados dos Plans e Programas da Xunta de Galicia
Obxectivo Xeral: coñecer o grado de desenvolvemento dos plans e a cumprimento dos obxectivos propostos."

Emenda nº43, ao apartado 1, de Adición. Anexo 3: Actividades estatísticas consolidadas

Adición ao anexo III.1. que quedará redacto co seguinte contido:

Engadir in fine: "Estatística de vivenda ocupada e valeira.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71370
Data envio: 29/09/2011 17:15:53

Estatística de vivendas embargadas ou con execucións hipotecarias
Prezos dos combustibles
Comisións bancarias
Créditos concedidos
Sucursais de entidades financeiras en Galicia e indicadores de accesibilidade da poboación os servizos financeiros."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/09/2011 17:15:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 18:05
Nº Rexistro: 71406
Data envio: 29/09/2011 18:05:39

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012_2016 (NUM. EXPE. 08/PL-0031).

Emenda nº1, ao apartado a), de Adición. Artigo 7

De adición, ao artigo 7. Obxectivos organizativos
Proponse engadir na aliña a) do artigo 7 a expresión "e profesionalizar", ficando a redacción desa aliña como segue:

"a) Consolidar e profesionalizar os órgaos estatísticos sectoriais."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 8

De adición, ao artigo 8. Obxectivos instrumentais.
Proponse a engádega de duas novas aliñas coas letras c) e f), así como da expresión "ao longo do tempo" na aliña e) orixinal, do apartado 1 do artigo 8, renumerando as restantes aliñas, ficando a redacción do apartado 1 como segue:

"Artigo 8. Obxectivos instrumentais
1. Para que a información estatística acade os requisitos de calidade recollidos no obxectivo central establécense os seguintes obxectivos instrumentais:
a) Responder ás demandas de información deseñando a actividade estatística consonte ás necesidades, ofrecendo retornos de valor e reducindo as molestias aos informantes.
b) Divulgar axeitadamente a información estatística de carácter oficial que teña como referencia Galiza.
c) Establecer e cumplir un calendario prefixado para a difusión das operacións en curso comprendidas nos programas estatísticos anuais, reforzando a transparencia e a puntualidade das estatísticas."
d) Sensibilizar á sociedade mediante servizos e actividades que potencien o coñecemento a través da estatística.
e) Impulsar e realizar investigación estatística, tanto nos aspectos metodolóxicos e históricos como noutros ámbitos de interese para a Comunidade Autónoma.

f) Garantir o acceso dos investigadores e investigadoras ás fontes estatísticas e á información estatística dispoñíble nos órgaos estatísticos sectoriais e demais orgaos que compoñen a Organización estatística de Galiza."
g) Promover a normalización, homoxeneidade e posibilidade de comparación da información proporcionada polo sistema estatístico de Galiza ao longo do tempo e respecto do estatal e do europeo.
h) Avanzar na estruturación informática do sistema estatístico de Galiza e dos sistemas de información.
i) Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, proporcionando a oferta estatística como un servizo electrónico.
k) Desenvolver a referenciación territorial da información estatística e avanzar na homoxeneización da desagregación territorial das actividades realizadas.
l) Desenvolver marcos e directorios de unidades estatísticas."

Emenda nº3, ao apartado ñ), de Adición. Disposición derradeira segunda

De adición, á Disposición derradeira segunda.
Proponse engadir na aliña ñ) da disposición final segunda a expresión "con representación no Parlamento de Galiza", ficando a redacción desa aliña como segue:

"ñ)Un/unha representante designado por cada un dos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galiza ."

Emenda nº4, de Supresión. Disposición derradeira terceira

De supresión, á Disposición derradeira terceira.

Proponse a supresión íntegra da Disposición derradeira terceira.

Emenda nº5, ao apartado 1.2, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 18:05
Nº Rexistro: 71406
Data envio: 29/09/2011 18:05:39

PARLAMENTO DE GALICIA

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de duas novas aliñas na Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente, Sección 1.2 Medio ambiente, co seguinte texto:
"1.2.8 Usos da auga.
1.2.9 Prezos da auga."

Emenda nº6, ao apartado 2.1, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De Adición ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega dunha nova aliña na Área 2. Sociedade, Sección 2.1 Poboación e fogares, co seguinte texto:
"2.1.5 Movimentos migratorios"

Emenda nº7, ao apartado 2.2, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega dunha nova aliña na Área 2. Sociedade, Sección 2.2 Sanidade, co seguinte texto:
"2.2.8 Gasto farmaceutico"

Emenda nº8, ao apartado 2.3, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de seis novas aliñas na Área 2. Sociedade, Sección 2.3 Educación e capital humano, co seguinte texto:
"2.3.8 Ensino concertado.
2.3.9 Gasto público en educación.

2.3.10 Gasto privado en educación.
2.3.11 Fracaso escolar.
2.3.12 Transferencia de estudantes do ensino público ao ensino privado e concertado.
2.3.13 Prácticas en empresas de estudantes de formación profesional."

Emenda nº9, ao apartado 2.5, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de tres novas aliñas na Área 2. Sociedade, Sección 2.5 Condicións sociais, co seguinte texto:
"2.5.12 Gasto público en prestacións de dependencia
2.5.13 Tempo medio no recoñecimento de prestacións de dependencia
2.5.14 Prestacións de dependencia recoñecidas pendentes de pagamento."

Emenda nº10, ao apartado 2.6, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de cinco novas aliñas na Área 2. Sociedade, Sección 2.6 Cultura e lecer, co seguinte texto:
"2.6.8 Gasto público autonómico na promoción da lingua galega.
2.6.9 Uso da lingua galega no ensino obrigatorio.
2.6.10 Uso da língua galega no ensino post-obrigatorio.
2.6.11 Uso da língua galega na Administración.
2.6.12 Uso da língua galega na empresa."

Emenda nº11, ao apartado 3.1, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 18:05
Nº Rexistro: 71406
Data envio: 29/09/2011 18:05:39

PARLAMENTO DE GALICIA

Proponse a engadega de cinco novas aliñas na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.1 Sector agrario, co seguinte texto:
"3.1.10 Emprego no sector agrario e gandeiro.
3.1.11 Relevo xeneracional.
3.1.12 Dimensión das explotacións agrarias e gandeiras.
3.1.13 Renda agraria e gandeira.
3.1.14 Prezos da terra."

Emenda nº12, ao apartado 3.2, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística
TE
Proponse a engadega de tres novas aliñas na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.2 Pesca e acuicultura, co seguinte texto:
"3.2.6 Marisqueo. Produción, emprego e prezos.
3.2.7 Miticultura. Produción, emprego e prezos.
3.2.8. Accidentes laborais no mar.

Emenda nº13, ao apartado 3.3, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de catro novas aliñas na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.3 Enerxía e industria, co seguinte texto:
"3.3.6 Emprego industrial.
3.3.7 Emprego no sector enerxético.
3.3.8 Ingresos tributarios vencellados ao sector enerxético.
3.3.9 Balance enerxético."

Emenda nº14, ao apartado 3.4, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 18:05
Nº Rexistro: 71406
Data envio: 29/09/2011 18:05:39

Proponse a engadega de tres novas aliñas na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.4 Construcción, co seguinte texto:
"3.4.4 Emprego na construcción.
3.4.5 Vivendas non habitadas.
3.4.6 Oferta e demanda de vivenda protexida."

Emenda nº15, ao apartado 3.5, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega dunha nova aliña na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.5 Servizos de mercado, co seguinte texto:
"3.5.6 Evolución dos establecementos comerciais tradicionais e das grandes superficies."

Emenda nº16, ao apartado 3.6, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de catro novas aliñas na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.6 Administración pública e outros servizos non de mercado, co seguinte texto:
"3.6.12 Dimensión do sector público autonómico.
3.6.13 Compromisos plurianuais de gasto.
3.6.14 Obrigas extraorzamentarias. Compromisos por acordos público-privados.
3.6.15 Débeda pública."

Emenda nº17, ao apartado 3.7, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de duas novas aliñas na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.7 Mercados e prezos, co seguinte texto:
"3.7.9 Costes laborais.
3.7.10 Beneficios empresariais.".

Emenda nº18, ao apartado 3.8, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de tres novas aliñas na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.8 Actividade empresarial, co seguinte texto:
"3.8.4 Infraestructuras empresariais.
3.8.5 Demografía empresarial.
3.8.6 Confianza empresarial."

Emenda nº19, ao apartado 3.9, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega dunha nova aliña na Área 3. Estrutura produtiva, Sección 3.9 Sistema de contas, co seguinte texto:
"3.9.5 Indicadores municipais de renda dos fogares."

Emenda nº20, ao apartado 4.1, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de tres novas aliñas na Área 4. Coñecemento e tecnoloxía, Sección 4.1 Sociedade da información, co seguinte texto:
"4.1.6. Sociedade da información no medio rural.
4.1.7 Estrutura demografica e sociedade da información.
4.1.8 Infraestruturas para a sociedade da información."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 18:05
Nº Rexistro: 71406
Data envio: 29/09/2011 18:05:39

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº21, ao apartado 4.2, de Adición. Anexo 2: Metas de información estatística

De adición, ao Anexo II. Metas de Información Estatística

Proponse a engadega de tres novas aliñas na Área 4. Coñecemento e tecnoloxía, Sección 4.2 Ciencia e tecnoloxía, co seguinte texto:
"4.2.5. Gasto público en políticas de I+D+i.
4.2.6. Persoal investigador.
4.2.7 Patentes."

Emenda nº22, de Substitución. Anexo 3: Actividades estatísticas consolidadas

De substitución ao anexo III: Actividades Estatísticas Consolidadas.
Proponse a substitución do apartado 1. Operacións estatísticas, do anexo III, polo seguinte texto:

"1. OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS
Estatística de violencia de xénero.
Indicadores de xénero.
Sistema de indicadores da sociedade da información.
Indicadores da actividade económico-financeira da comunidade autónoma.
Estatística tributaria autonómica.
Contaxe nas estradas competencia da comunidade autónoma.
Calidade do aire.
Climatoloxía.
Reservas de auga.
Balance enerxético.
Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial.
Situación da certificación en Galicia.
Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia.
Indicadores do sistema universitario de Galicia.
Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica.
Enfermidades de declaración obrigatoria.
Explotación do Rexistro Galego da Sida.
Análise da mortalidade.

Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas.
Sistema de avaliación asistencial de drogodependencias.
Explotación do Rexistro de Museos.
Explotación do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.
Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal.
Sinistralidade laboral.
Conciliacións individuais e colectivas.
Eleccións sindicais.
Folgas e peches patronais.
Infraccións e sancións na orde social.
Regulación de emprego.
Apertura de centros de traballo.
Centros especiais de emprego.
Datos sobre ocupacións máis contratadas.
Empresas de traballo temporal.
Explotación do Rexistro de Contratos Laborais.
Estatística de familias numerosas.
Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social.
Cooperativas.
Sociedades laborais.
Indicadores do mercado laboral.
Producións forestais.
Incendios forestais.
Explotación do Rexistro de Gando Bovino.
Explotación do Rexistro de Maquinaria Agrícola.
Explotación do Rexistro de Ovino e Cabrún.
Superficies agrícolas.
Rendementos de cultivos.
Estatística de sacrificio de gando en matadoiros.
Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos.
Estatística de produción de acuicultura mariña.
Indicadores demográficos.
Proxeccións de poboación a curto prazo.
Enquisa de condicións de vida das familias. Poboación dependente.
Enquisa de condicións de vida. Módulo xeral.
Indicadores de xénero.
Indicadores de cohesión social.
Enquisa de condicións de vida. Características básicas dos fogares.
Enquisa conxuntural a fogares.
Índices de competitividade.
Enquisa de condicións de vida. Gasto dos fogares.
Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2011 18:05
Nº Rexistro: 71406
Data envio: 29/09/2011 18:05:39

Explotación do directorio de empresas e unidades locais.
Confianza empresarial.
Indicadores do sector empresarial.
Contas económicas anuais.
Contas económicas trimestrais.
Marco input-output.
Contas de distribución da renda dos fogares por concellos.
Persoal ao servizo da Administración autonómica.
Estatística de construción de edificios.
Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño.
Explotación do Rexistro Galego de Tuberculose.
Estudo epidemiolóxico do consumo de drogas.
Explotación da rede galega de teatros e auditorios.
Estrutura do viñedo de vinificación.
Prezos agrarios.
Prezos da terra.
Prezos do leite.
Enquisa de poboación activa. Módulo de conciliación da vida persoal e laboral.
Enquisa de poboación activa. Módulo sobre o emprego das persoas con discapacidade.
Enquisa de poboación activa de Galicia.
Estatística de construción de edificios. "

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 29/09/2011 18:05:21

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 29/09/2011 18:05:27

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   2.1 INVESTIDURA
   2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   3.5 MOCIÓNS
   3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   4.2 INTERPELACIÓNS
   4.3 PREGUNTAS
   4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   5.3 VALEDOR DO POBO
   5.4 CONSELLO DE CONTAS
   5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   8.2 PERSOAL
   8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   9.1 INFORMACIÓNS
   9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727